

O Consello da Xunta aprobou, en data 19 de maio de 2022, o Proxecto de Acordo polo que se declara a **Festa das Sopas do Burro Canso** de Muíños como de interese turístico de Galicia.

Unha vez examinada a solicitude presentada polo Concello de Muíños e tras os trámites preceptivos, o Consello da Xunta emitiu informe favorable ao cumprir os requisitos esixidos, como a singularidade, o valor cultural, o arraigamento da festa, a creatividade e innovación no desenvolvemento do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa ou o axeitado coidado das contornas urbanas, monumentais ou paisaxísticas onde se desenvolve.

Trátase dun importante e merecido recoñecemento dunha festa que se celebra dende o ano 1993 e que ensalza a nosa tradición, cultura e poboación.

Esta declaración supón un impulso ao noso municipio, que repercutirá a nivel económico, cultural e social, así como nun forte incremento na afluencia de visitantes.

Dende o Concello continuaremos traballando para que Muíños sexa o municipio que toda a súa veciñanza desexa.

O Alcalde, Plácido Álvarez Dobaño